



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN ENSINANZAS DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, DE EDUCACIÓN PRIMARIA, DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E DE BACHARELATO REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 30 de setembro de 2021, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Para o artigo 2.2 propón a substitución do texto "e á persoa que represente á titularidade dos centros privados concertados" polo seguinte: "e a persoa que represente as organizacións de titulares de centros privados concertados máis representativas".

- Para o artigo 2 propón engadir un apartado 5 co seguinte texto: "Nos centros docentes que impartan bacharelato, a delimitación das áreas poderá realizarse para cada unha das modalidades".

- Para o segundo parágrafo do artigo 3.3, propón a substitución do texto "acordará a súa adscrición" polo texto "poderá acordar a súa adscrición".

- Para o artigo 4, propón engadir un apartado 5 co seguinte texto: "No procedemento de admisión de estudantes, os titulares de centros privados concertados informarán do seu propio carácter, no caso de que o teñan definido, de conformidade coa Lei orgánica de educación e, no seu caso, da de financiamento con fondos públicos de educación concertada. Do mesmo xeito, a nais, pais e titores legais de estudantes proporcionaráselles datos detallados sobre actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios ofrecidos polos centros, aclarando expresamente o carácter voluntario e sen ánimo de lucro destas actividades e servizos. No seu caso indicaranse tamén as percepcións autorizadas polo departamento responsable de educación e as aprobadas polo consello escolar do centro."

- Para o artigo 5, propón engadir un apartado 4 co seguinte texto: "A Consellería competente en materia de educación debe garantir unha equilibrada distribución do alumnado con NEAE entre todos os centros sostidos con fondos públicos."



- Para o artigo 9.1b), propón a substitución do texto polo seguinte:

"b) Proximidade ao centro docente do domicilio familiar ou do lugar de traballo.

1º. Por proximidade do domicilio familiar: se está na área de influencia do centro, 14 puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, 7 puntos.

2º. Por proximidade do lugar de traballo: se está na área de influencia do centro, 8 puntos; se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro, 4 puntos

Ambas puntuacións deste apartado non serán acumulables".

- No artigo 9.1, propón a supresión do apartado: *l) Criterio complementario: 1 punto.*

- Para o artigo 12.1c) propón a substitución do texto polo seguinte: "Un representante designado polas organizacións máis representativas dos Centros Concertados. No caso que non haxa centros concertados na zona, nomearase un segundo representante dun centro público".

- Para o artigo 12.1d) propón a substitución do texto polo seguinte: "Unha persoa representante do concello que exerza preferentemente as súas funcións no ámbito educativo".

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021


O secretario


Xosé María López Carretero



Visto e prace

O vicepresidente


Fernando del Pozo Andrés